



CONCELLOS

CERVO

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 30 de setembro de 2022, aprobáronse os padróns correspondentes á entrada de vehículos a través de beirarrúas, reservas de aparcadoiro exclusivo e carga e descarga de mercadorias de calqueira clase correspondente ao ano 2022 así como os padróns das mensualidades de agosto de 2022 das liquidacións do prezo público polo servizo de Axuda no Fogar, da Taxa pola prestación do servizo da Escola Infantil Municipal e das cotas correspondentes ao 4º bimestre de 2022 polo exercicio da venda ambulante no mercado de San Cibrao (Cervo).

Por medio do presente edicto expóñense ao público os padróns, por un prazo de 15 días naturais, a contar dende o seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de reclamacións. Contra os mesmos poderase interpoñer o recurso de reposición do artigo 14 do RD lexislativo 2/2004, de 5 de marzo no prazo de un mes dende a publicación deste anuncio.

O prazo de ingreso en período voluntario abarcará dende o 11 de outubro de 2022 ao 13 de xaneiro de 2023. Unha vez transcorrido o mesmo sen ter efectuado o pago, este esixirase polo procedemento de constrinximento sobre o patrimonio do debedor.

Formas de pagamento: Mediante domiciliación bancaria ou en calqueira oficina de Abanca, Banco Santander ou BBVA provistos do documento de ingreso que se lles remitirá ou poderán solicitar no Concello.

Cervo, 30 de setembro de 2022.-O Alcalde, Alfonso Villares Bermúdez.

R. 2805

LÁNCARA

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

O Pleno do Concello en sesión ordinaria realizada o día 29 de setembro de 2022 aprobou inicialmente a modificación de créditos nº 15/2022, de concesión de créditos extraordinarios e de suplementos de crédito, financiados con cargo ó remanente líquido de tesourería, consonte ó disposto no Texto refundido da lei reguladora das facendas locais por importe de 387.750,77 euros.

O expediente expoñense ao público, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións (artigo 170 do TRLFL). O expediente considerarase definitivamente aprobado si durante o citado prazo non se presentan reclamacións.

Láncara, 30 de setembro de 2022.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 2801

LUGO

Anuncio

Aprobado inicialmente polo excelentísimo Concello Pleno, na sesión ordinaria celebrada o 29 de setembro de 2022 (acordo número 5/115), o expediente de suplemento de crédito/credito extraordinario número 3/2022, exponse ao público polo prazo de quince días hábiles aos efectos de reclamacións, de conformidade co artigo 169 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

Os interesados lexítimados, segundo o artigo 170 do mencionado Texto refundido, e conforme as causas que indica o parágrafo 2) do mesmo artigo, poderán presentar reclamacións a partir da data de inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia e durante o período de exposición pública. Se durante o citado período non se presentasen alegacións, o expediente considerarase definitivamente aprobado.

Lugo, 30 de setembro de 2022.- A alcaldesa, Lara Méndez López.

R. 2807

Anuncio

DECRETO 9409/2022 DO 27/09/2022

Ilma. Sra. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

Instruído o expediente relativo ao proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de Oficial Lector/a Contador pertencente ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda libre (OEP 2017) e tendo en conta os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día tres de marzo de dous mil vinte e un, adoptou, entre outros, o acordo 4/109 APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE OFICIAL LECTOR/A CONTADOR, PERTENCENTE Ó CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA LIBRE (OEP 2017)

- Polo Decreto 2115/2021 do 16/03/2021 resolveuse convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de Oficial Lector/a Contador/a pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre (OPE 2017), que se rexerá tanto polas “BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS DE FUNCIONARIAS/OS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE” publicadas nos Boletíns Oficiais da Provincia de Lugo, nº 099, de data 2 de maio de 2017 e nº 274 do 29 de novembro de 2018, así como polas bases específicas aprobadas por acordo nº 4/109 da Xunta de Goberno Local deste Concello adoptado na súa sesión do 3.03.2021

O antedito Decreto foi publicado no “Boletín Oficial da Provincia de Lugo” número 077, do 7 de abril de 2021, e extracto do mesmo no “Diario Oficial de Galicia” núm. 98, de 27 de maio de 2021. O anuncio para prover as prazas obxecto desta convocatoria foi publicado no “Boletín Oficial do Estado” num. 150 do 24 de xuño de 2021.

Con data do 22 de xullo de 2021 rematou o prazo de presentación de solicitudes.

- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día once de maio de dous mil vinte e dous, adoptou, entre outros, o acordo 15/270 DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE OFICIAL LECTOR/A CONTADOR, PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA LIBRE (OEP 2017).

- Polo Decreto 5707/2022 do 31/05/2022 resolveuse aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto 2115/2021 do 16/03/2021 para o acceso en propiedade a unha praza de Oficial Lector/a Contador/a pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre (OPE 2017).

Dito Decreto foi publicado no BOP de Lugo nº 133 do 11 de xuño de 2022.

- Con data do 27 de xuño de 2022 rematou o prazo de presentación de enmendas.

- Proposta do Xefe do Servizo de Persoal de data 27 de setembro de 2022.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- No Boletín Oficial da Provincia de Lugo Núm. número 099, do 2 de maio de 2017 foron publicadas as BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS PERTENCENTES Ó CADRO DE FUNCIONARIOS E DE PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA LIBRE (no BOP de Lugo número 274, do 29 de novembro de 2018 foi publicada unha modificación de ditas bases xerais), figurando na súa base DUODÉCIMA.- LISTA DE PERSOAS ADMITIDAS. DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS

“Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ou Concalleira/o Delegada/o, se é o caso, ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista de persoas admitidas e excluídas, con indicación do motivo de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días hábiles para emendas, de acordó co artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A data, hora e lugar de celebración dos exercicios poderán publicarse conxunta ou separadamente coa lista provisional de persoas admitidas e excluídas.

Estas resolucións deberán ser publicadas no BOP de Lugo.

Os sucesivos anuncios publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello e nos locais onde se celebrou a proba anterior.”

Segundo.- A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o 9 de outubro de 2019 adoptou a acordo 10/628 APROBACIÓN DE INSTRUCCIÓN PARA O FUNCIONAMENTO E ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS DE SELECCIÓN DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, figurando no seu ARTIGO 4. NOMEAMENTO E REQUISITOS DE COMPOSICIÓN, punto 3. “A composición nominal do Órgano de Selección publicarase xunto coa lista provisional de admitidos e excluídos.”

Terceiro.- Durante o prazo de enmendadas foron presentadas por don Manuel Cabado Cabado, don Javier Díaz Pico, don Óscar Rodríguez Cabanas e dona Mónica Santos Alvaredo solicitudes de subsanación aportando a documentación requirida.

Tendo en conta a proposta do Xefe do Servizo de Persoal do 27 de setembro de 2022 e, en base ás atribucións reservadas por acordo nº 28/452 da Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria do día 17/07/2019, a Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos **RESOLVE:**

Primeiro.- Aprobar a lista definitiva de admitidos e excluídos (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto 2115/2021 do 16/03/2021 para o acceso en propiedade a unha praza de Oficial Lector/a Contador/a pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre (OPE 2017), que a continuación se indica:

ADMITIDOS/AS

Apelidos en nome	DNI
CABADO CABADO, MANUEL	***3769**
DIAZ PICO, JAVIER	***1702**
OZORES VIGIDE, MARIA DEL CARMEN	***0667**
PASARO GOMEZ, MANUEL	***4447**
PAXARO GOMEZ, EVA	***4013**
PELAEZ IGLESIAS, SERGIO	***8264**
PORTAS MUINELO, CESAR	***4459**
RODRIGUEZ CABANAS, OSCAR	***3810**
RODRIGUEZ CABAÑAS, MIGUEL	***3652**
SANTOS ALVAREDO, MONICA	***2948**
SUAREZ LOPEZ, JORGE	***4420**
TORRE LOURES, MARIA JOSE	***4142**
VEIGA DIAZ, MANUEL ALEJANDRO	***6912**
VIDAL VARELA, BENIGNA	***4025**

EXCLUIDOS/AS

Ningún.

Segundo.- Fixar a data, hora e lugar de constitución do tribunal do seguinte xeito:

Data: 6 de outubro de 2022.

Hora: 14:30 horas.

Lugar: Secretaría do Concello de Lugo, sita na Praza Maior.

Terceiro.- Fixar a data, hora e lugar de realización do primeiro exercicio (test) do seguinte xeito:

Data: 19 de outubro de 2022

Hora: 16:00 horas.

Lugar: Edificio municipal de novas tecnoloxías sito na praza Anxo Fernández Gómez s/n.

O tribunal cualificador reunirase as 10:00 horas na secretaría do Concello de Lugo para a preparación do exercicio.

As/os aspirantes deberán ir provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade.

Cuarto.- Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo pódense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 27 de setembro de 2022.

R. 2808

Anuncio

A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 24/08/2022 adoptou, entre outros, o acordo 8/501 NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIA DE CARREIRA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO PARA DESEMPEÑAR A PRAZA DE ARQUITECTA TÉCNICA (GRUPO DE TITULACIÓN: GRUPO A (SUBGRUPO A2); ESCALA: ADMINISTRACIÓN ESPECIAL; SUBESCALA: TÉCNICA; CLASE: MEDIA), o cal foi rectificado polo acordo 15/536 adoptado por dito órgano o 14/09/2022, quedando a súa parte dispositiva redatada do seguinte xeito:

“**PRIMEIRO.-** Nomear a D.^a Laura Eyre Rodríguez, con DNI nº ***2123**, como funcionaria de carreira do Excmo. Concello de Lugo para desempeñar a praza de ARQUITECTO/A TÉCNICO/A, do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda libre (grupo de titulación: grupo A (subgrupo A2); escala: administración especial; subescala: técnica; clase: media)

SEGUNDO.- Notificarlle o acordado á interesada coa advertencia que deberá tomar posesión no prazo dun mes a partir da publicación do nomeamento.

TERCEIRO.- Procédase á súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que este acto pon fin á vía administrativa, e que contra este se poden interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación deste acordo.

- Recurso contencioso-administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación deste acordo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, de modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.”

Lugo, 28 de setembro de 2022.- A Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 2809

Anuncio

DECRETO Nº: 9101/2022 DO 19/09/2022

Ima. Sra. Dona MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día trinta de decembro de dous mil vinte, adoptou, entre outros, o acordo 18/751 APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A DOCE PRAZAS DE BOMBEIRO/A CONDUTOR PERTENCENTES Ó CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO.

CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA LIBRE (3 INCLUIDAS NA OEP 2017, 3 INCLUIDAS NA OEP 2018 E 6 INCLUIDAS NA OEP 2020

- Polo Decreto Nº 1540/2021 do 02/03/2021 resolveuse convocar o proceso selectivo o proceso selectivo para o acceso en propiedade a doce prazas de Bombeiro/a Conductor/a pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre (3 incluídas na OPE 2017, 3 incluídas na OEP 2018 e 6 incluídas na OEP 2020), que se rexerá tanto polas “BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS DE FUNCIONARIAS/OS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE” publicadas nos Boletíns Oficiais da Provincia de Lugo, nº 099, de data 2 de maio de 2017 e nº 274 do 29 de novembro de 2018, así como polas bases específicas aprobadas por acordo nº 18/751 da Xunta de Goberno Local deste Concello adoptado na súa sesión do 30.12.2020

O antedito Decreto foi publicado no “Boletín Oficial da Provincia de Lugo” número 77, do 7 de abril de 2021, e extracto de dita convocatoria no “Diario Oficial de Galicia” núm. 98, de 27 de maio de 2021. O anuncio para prover as prazas obxecto desta convocatoria foi publicado no “Boletín Oficial do Estado” num. 150 do 24 de xuño de 2021.

Unha vez rematado o proceso selectivo, o Tribunal cualificador en sesión celebrada o 17.08.2022, ACORDA:

Publicar a seguinte relación de aprobados no proceso selectivo para o acceso en propiedade a doce prazas de Bombeiro/a Conductor/a pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre (3 incluídas na OPE 2017, 3 incluídas na OEP 2018 e 6 incluídas na OEP 2020),, para elevar ao órgano competente para os efectos da súa publicación no BOP de Lugo e posterior nomeamento:

NºOrden	APELIDOS E NOME	DNI	Media Exerc
1º	PEREZ VAZQUEZ, JOSHUA	***7465**	8,796
2º	CALVO DARRIBA, RUBEN	***4218**	8,656
3º	VIDAL LORENZO, SERGIO	***5849**	8,575
4º	CASTRO GOMEZ, GONZALO	***4106**	8,440
5º	MARTINEZ MOREIRA, JOSE ANTONIO	***9062**	8,352
6º	CRENDE POLO, IAGO XOSE	***1507**	8,313
7º	SANTOS CEA, ALBERTO	***2290**	8,276
8º	LOPEZ VAZQUEZ, CRISTIAN	***5384**	8,117
9º	REGUEIRO DIAZ, OSCAR	***4085**	8,112
10º	RODRIGUEZ BODENLLE, JOSE LUIS	***7974**	8,049
11º	GONZALEZ COTO, JUAN	***5298**	8,005
12º	CASTRO PENEDO, GUTIER	***4460**	7,632

Segundo as bases específicas reguladoras do mencionado proceso selectivo:

“A2. Curso teórico-práctico de formación e período en prácticas (Nomeamento de funcionarios en prácticas):

As persoas aspirantes, unha vez superada a fase de oposición e o cumprimento dos demais requisitos esixidos, ingresarán como funcionarias/os en prácticas e deberán superar, un curso teórico-práctico de formación para bombeiros/as condutores/as de novo ingreso e prácticas no centro de traballo, a realizar polo Concello e que constarán dun período de dous meses.

Unha vez concluído o período de formación e prácticas, o órgano responsable da súa avaliación elevará á autoridade que efectuase a convocatoria, o nomeamento de funcionarias/os de carreira das persoas aspirantes que superaran o mesmo.

As/os aspirantes que non superen o período de formación e prácticas, perderán o dereito ó seu nomeamento como funcionario de carreira, mediante resolución da Xunta de Goberno Local, de ser o caso, a proposta do órgano responsable do seguimento das prácticas ou da avaliación do curso.

As/os aspirantes que non puidesen realizar o período de formación e prácticas por causa de forza maior, debidamente xustificada e apreciada pola Alcaldía, poderán incorporarse ó inmediatamente posterior que se celebre intercalándose no lugar correspondente á puntuación obtida.”

Estarán exentos da realización do curso e das prácticas referidas nos apartados anteriores, as/os aspirantes que poidan acreditar 12 meses ou máis de experiencia profesional como bombeiro/a condutor/a nalgún servizo de prevención, extinción de incendios e salvamento.

En base ás atribucións reservadas por acordo nº 28/452 da Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria do día 17/07/2019, a Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Facer pública a relación dos aspirantes aprobados no referido procedemento selectivo, de conformidade coa base décimo novena das Bases Xerais para o acceso en propiedade a prazas pertencentes ó cadro de persoal de funcionarios e de persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre, aprobadas pola Xunta de Goberno Local o día 18 de xuño de 2008 e modificadas polo citado órgano en sesións do 18.02.2009, 26.12.2012, 23.01.2013, 15.10.2014, 22.03.2017 e 31.10.2018, sendo publicadas nos Boletíns Oficiais da Provincia de Lugo, nº 099, de data 2 de maio de 2017 e nº 274 do 29 de novembro de 2018

12 prazas de Bombeiro/a Condutor/a:

NºOrden	APELIDOS E NOME	DNI
1º	Perez Vazquez, Joshua	***7465**
2º	Calvo Darriba, Ruben	***4218**
3º	Vidal Lorenzo, Sergio	***5849**
4º	Castro Gomez, Gonzalo	***4106**
5º	Martinez Moreira, Jose Antonio	***9062**
6º	Crende Polo, Iago Xose	***1507**
7º	Santos Cea, Alberto	***2290**
8º	Lopez Vazquez, Cristian	***5384**
9º	Regueiro Diaz, Oscar	***4085**
10º	Rodriguez Bodenlle, Jose Luis	***7974**
11º	Gonzalez Coto, Juan	***5298**
12º	Castro Penedo, Gutier	***4460**

SEGUNDO.- Os opositores aprobados, de conformidade coa base vixésima das Bases Xerais referidas, deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello ou na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (coa excepción establecida na súa disposición final sétima), os seguintes documentos acreditativos das condicións de capacidade e demais requisitos esixidos na convocatoria:

- Declaración xurada de non estar separada do servizo das administracións públicas e non estar incurso en ningún punto das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- Certificado que acredite non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal exercicio da función.
- Dúas fotografías tamaño carné.
- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social (no caso de ter estado de alta).

Quen tivese xa a condición de funcionario público estará exento de xustificar as condicións e os requisitos acreditados para obter o seu anterior nomeamento, e deberá presentar soamente unha certificación que acredite a súa condición de funcionario e demais circunstancias que constan no seu expediente persoal e a xustificación dos requisitos específicos esixidos para o acceso.

No seu caso en dito prazo deberase presentar a documentación que acredite 12 meses ou máis de experiencia profesional como bombeiro/a condutor/a nalgún servizo de prevención, extinción de incendios e salvamento,

que exima do CURSO TEÓRICO-PRÁCTICO DE FORMACIÓN E PERÍODO EN PRÁCTICAS salvo que a mesma conste non Concello de Lugo.

Os/as aspirantes aprobados que, dentro do prazo indicado, agás casos de forza maior, non presentasen a documentación esixida ou dela se deducise que carecen dos requisitos esixidos nas correspondentes convocatorias, non poderán ser nomeados, e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade na súa instancia.

TERCEIRO - Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 19 de setembro de 2022.

R. 2810

POL

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 5 de outubro de 2022, aprobáronse as bases e a convocatoria para a constitución dunha bolsa de emprego para cubrir as posibles vacantes nos postos de auxiliar do Servizo de Axuda no Fogar. As bases reguladoras estarán expostas na sede electrónica do Concello de Pol e no taboleiro de anuncios. O prazo de presentación de solicitudes será de **7 días hábiles** a contar dende o seguinte ao da publicación do presente.

Pol, 5 de outubro de 2022.- O Alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 2744

O SAVIÑAO

Anuncio

Aprobación definitiva do Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais.

Faise público que o Concello Pleno, en sesión ordinaria de data 29 de setembro de 2022 (Expte 518/2019), acordou a aprobación definitiva do Plan Municipal de Prevención e Defensa de Incendios Forestais do concello de O Saviñao, logo do informe favorable da Dirección Xeral de Defensa do Monte, e que se atopa para a súa consulta pública na seguinte dirección: <https://concellodosaviñao.sedelectronica.gal>.

Contra dito acordo que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que o dictou, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación da presente de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso senprexuízo de que se poida interpor calquera outro recurso que puidese estimarse máis conveniente.

O que se fai público para xeral coñecemento.

O Saviñao, 29 de setembro de 2022.- O alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 2802

*Anuncio***INFORMACION PÚBLICA**

Pola Corporación en Pleno, na sesión ordinaria celebrada o día 29 de setembro de 2022, prestouse aprobación inicial ao REGULAMENTO DO PROGRAMA “XANTAR NA CASA” DO CONCELLO DE O Saviño (Expte. 1063/2022).

En cumprimento do disposto no artigo 49.b da lei 7/1985, LRBRL, sométese a información pública por prazo de trinta días, contados desde o día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para os efectos de presentación de reclamacións e suxestións. O expediente pode examinarse e estará a disposición de calquera interesado nas oficinas municipais, en horario de atención ao público, e na sede electrónica deste concello: <http://concellodosavinao.sedelectronica.gal> Unha vez transcorrido o devandito prazo sen presentarse alegacións, considerárase aprobado definitivamente o devandito acordo.

O Saviño, 30 de setembro de 2022.- O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 2803

XOVE*Anuncio*

Polo Pleno Municipal en sesión celebrada o día 30 de setembro dos presentes, acordouse a aprobación inicial da modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola prestación do servizo de Escola Infantil Municipal.

O citado expediente atópase de manifestó ao público na Secretaría do Concello, podendo formularse reclamacións contra o mesmo durante o prazo de trinte días a contar desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, e entendéndose elevado a definitivo o precitado acordo no caso de non formularse reclamacións ou alegacións contra o mesmo durante o prazo referido, sen necesidade de novo acordo plenario, e debendo ser publicado o acordo definitivo e o texto íntegro, para a súa entrada en vigor, no B.O.P.

Xove, 30 de setembro de 2022. O Alcalde. José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 2804